

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2021/9	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	5 de agosto de 2021
<b>Duración</b>	Desde as 21:05 ata as 22:30 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
<b>Secretaria accidental</b>	MARÍA JOSEFA MARTÍNEZ BARROS

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	NON
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ



	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARIA JOSEFA MARTINEZ BARROS	SÍ
	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

O **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos políticos municipais ten unha moción de urxencia que queira presentar. Non habendo pásase á parte de Actividade de Control.

#### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

##### **DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 17 DE XUÑO AO 30 DE XULLO DE 2021 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)**

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 17 de xuño e o 30 de xullo de 2021 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2021-0722 ao número 2021-0917 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

#### C) ROGOS E PREGUNTAS



Comenza coa quenda o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, preguntando por una moción presentada fai unhas semanas relativa ao plan de mantemento de infraestruturas municipais, non sabendo o por que non foi tratada en ningunha Comisión Informativa.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que será tratada proximamente nunha Comisión para ser traída ao Pleno de setembro.

Continúa o **Sr. López Bueno** para trasladar unha serie de rogos en relación aos parques infantís: prega que sexa limpado o parque exterior ao redor do Estadio Municipal debido a existencia de toxos e outro tipo de maleza que desluce esta contorna; tamén pide que se arranxe o parque infantil de Figueroa ante o mal estado dos elementos de xogo e pola existencia de elementos que poñen en perigo aos pequenos, sendo tamén necesario o peche perimetral; así mesmo necesita de arranxo e adecuación os parques da praia fluvial e o sito na praia de Barcala, onde existen elementos que necesitan ser arranxados ou substituídos.

O **Sr. Alcalde** lle responde que, en relación á praia fluvial, está previsto a adecuación de toda a súa contorna, incluída a zona de xogos, a través dunha actuación co Obradoiro de Emprego, a cal será acometida a partires da vindeira semana.

En canto aos parques do Campo de Fútbol e de Figueroa ordenará que se proceda a facer unha supervisión co fin de valorar que actuacións son necesarias para o seu arranxo.

O **Sr. López Bueno** lle pide que ao parque da praia de Barcala tamén envíe unha inspección aos efectos de proceder ao seu arranxo.

En canto ao Obradoiro de Emprego Xuvenil di que lle consta a existencia de problemas á hora de recrutar alumnos, parecendo que hai unha praza de carpintería que está sen cubrir.

O **Sr. Alcalde** lle informa que xa está cuberta.

Continúa o **Sr. López Bueno** para dicir que lle consta que hai dúas prazas sen cubrir da Brigada de Incendios, habéndose lanzado un novo procedemento de selección, polo que pregunta en que estado se atopa o mesmo.

Lle contesta o **Sr. Alcalde** que na proba física do proceso de selección de peóns para a Brigada de Incendios dous ou tres aspirantes non a pasaron e houbo que lanzar un novo proceso de contratación, esperando que a semana que ven xa estea todo o persoal contratado, aínda que non está a resultar fácil ante a falta de persoal cualificado para este tipo de traballos.

O **Sr. López Bueno** entende que debido a cando se lanzou o procedemento vai a var problemas para acadar persoal para este servizo, sobre todo no que se refire a peóns, pero é o que soe pasar nesta Concello, sempre se inician os procedementos tarde e outros Concellos quítanos eses aspirantes. Polo dito quere facerlle notar que deberíanse iniciar estes procesos antes e non como no ano 2019 que se contratou a Brigada de Incendios no mes de setembro, instando ao grupo de goberno para que o ano que ven non cometan o mesmo erro.

Sobre a RPT lembra que no debate plenario da súa aprobación advertía que o acordo que se estaba a tomar ía a xeran máis problemas dos que xa existían, así a CIGA presentou un recurso onde se pide a suspensión dese acordo, polo que quere preguntarlle ao Concelleiro delegado de Persoal se ten algunha valoración dese escrito xa que non se deu conta do mesmo na Comisión de Organización, aconsellando que se faga.



O **Sr. Alcalde** responde que non ten sentido dar conta deste escrito nunha Comisión cando xa sabe e coñece o mesmo, simplemente haberá que resolvelo na forma e prazo correspondente, entendendo que non suspende a tramitación nin o prazos do procedemento, de feito a RPT está en vigor dende fai dúas semanas coa súa publicación no BOP. Así mesmo lle informa que igual que a semana pasada celebrouse unha Mesa de Negociación, mañá celebrarase outra para intentar levar a cabo o acordo ao que se chegou para modificar o documento ao longo do mes de setembro e coa súa correspondente tramitación que inclúe someter dita modificación á Comisión Informativa. No que se refire ao recurso presentado, pode aínda presentarse algún outro, así que haberá que esperar a que remate o prazo para a presentación de alegacións e, posteriormente, serán resoltas todas as reclamacións ou recursos presentados polo departamento de Secretaría; aínda así considera que o recurso presentado pola CIGA non está o suficientemente fundamentado para paralizar a tramitación que está actualmente en marcha.

O **Sr. López Bueno** di que se o Alcalde entende que non é necesario darlle conta do nomeado recurso ao resto dos grupos políticos a través dunha Comisión Informativa, entón queda claro que ten unha concepción moi distinta do que son os órganos colexiados; así mesmo pregunta que tratamento se vai a dar a dito recurso, é dicir, se se vai a tramitación polo canle correspondente ou ben se se vai a contestar por silencio administrativo.

O **Sr. Alcalde** aclara que non dixo en ningún momento que non se ía a informar sobre este recurso, aínda que a oposición ten que facer o seu traballo e estar atento, de feito está a dicir que é coñecedor do mesmo, entón é que o leeu, polo tanto non entende porque ten que darlle unha explicación, reiterando que existe un procedemento para a súa tramitación, como calquera outro, e ten que resolvelo en vía administrativa o funcionario a quen lle corresponda e non unha Comisión Informativa. Aclara que a intención non é que se resolva por silencio administrativo, xa que este sería positivo e daríalle a razón ao recorrente, senón por vía administrativa, a partir de aí, sabe que a oposición está moi ben informada deste asunto por algún sector da RPT e seguramente máis que o grupo de goberno polo que, seguramente, terían que darnos información a nós. Di que o que o grupo de goberno defende e o interese xeral da plantilla, entendendo que pode haber unha parte minoritaria afectada pola actual RPT, pero esa modificación que se está a negociar ven precisamente para resolver esas discrepancias e penalizacións que esta minoría sofre a consecuencia deste documento, en concreto o grupo A (gran parte representado pola CIGA). Finalmente reitera que o recurso será resolto polo procedemento correspondente e, en caso de ter que se sometido ao Pleno, entón tratarase previamente na Comisión Informativa.

O **Sr. López Bueno** aclara que ten información de todas partes porque o seu grupo fai o seu traballo, e si o grupo de goberno non a ten, non lle pida que fagamos a súa labor. En canto á Mesa de Negociación onde se trata a modificación da RPT, pregunta se quere darlle información sobre o tratado na mesma, ou ben haberá que solicitar formalmente as actas.

O **Sr. Alcalde** considera que neste apartado de “rogos e preguntas” non é a formar máis adecuada para ter que dar ese tipo de información, xa que por orde desta sesión plenaria, deberíase coordinar un pouco máis este tipo de cuestións, ademais é el o que se está pedindo información e non ao revés, porque o grupo de goberno non necesita pedir ningún tipo de información porque fai o seu traballo.

Reiterar por terceira vez cal é o trámite administrativo para resolver un recurso e, no que respecta ao resto da información, aclara que nas Mesas de Negociación



participan os Sindicatos e os políticos participan nas Comisións Informativas, polo que se se quere ter información sobre o tratado nas primeiras se ten a posibilidade de pedir as actas ou obter a información das organizacións sindicais, pero en ningún caso se facilitará información deste tipo no apartado de “rogos e preguntas” dunha sesión plenaria.

O **Sr. López Bueno** di que só pretendía darlle a oportunidade de explicarse sobre a cuestión. Continúa trasladando a preocupación dos veciños e veciñas de Tabeirós polo desdobre da traída de augas, sabendo que o Alcalde non acudiu á reunión que tiña con estes, polo que lle prega que fixe unha data co fin de reunirse ante a urxencia de solucionar estes problemas causados polo nomeado desdobre da traída e tamén da necesidade de arranxo de varias pistas na dita parroquia. En canto ao Servizo de Axuda no Fogar, di que é sabedor que hai persoas que teñen valorada a súa dependencia e que teñen concedidas as horas para a prestación deste servizo e, sen embargo, levan semanas e incluso meses esperando por el; ante esa situación pregunta se o grupo de goberno é coñecedor deste asunto e se ten pensando tomar algún tipo de iniciativa para solucionar este problema.

Ao anterior responde o **Sr. Alcalde**, así, en relación cos problemas sinalados en Tabeirós, aclara que se vai a dotar de abastecemento de auga a esta parroquia a través dun dos investimentos máis importantes deste Concello nos últimos anos e que suporán moitas obras; en cantos á situación de varias camiños nesta zona, informa que estaban previstos varios asfaltados, sen embargo estes traballos están paralizados á espera de que antes se fagan as obras de canalizacións co fin do servizo de abastecemento. Así mesmo aclara que non é certo que non asistira a esa reunión cos veciños de Tabeirós, senón que ditos veciños chamaron para ver si podía ter unha reunión con eles este pasado luns, comunicándolles que non era posible por non estar no Concello pero se lle poría unha data para a súa celebración. Continúa dicindo que existe o compromiso da Xunta de Galicia para facer a licitación da nomeada obra co fin de tela rematada no ano 2022 e, posteriormente, proceder ao arranxo dos viais (previsto no plan de infraestruturas xa redactado).

Por outra banda, no relativo ao Servizo de Axuda no Fogar, di que este grupo de goberno está a facer un esforzo importante en atender todo o número de horas de prestación do servizo ás persoas dependentes que o solicitan, de feito este ano ampliouse a partida ata os 880.000,00 € e a Xunta de Galicia está liberando horas para que os Concellos poidan atender ás solicitudes que temos, sen embargo, temos o problema de que o Servizo de Axuda no Fogar está a romper as contas municipais cando o Concello non ten a competencia na súa prestación, cousa que se lle trasladou á Conselleira; a situación actual deriva de que as empresas que prestan o servizo actualizaron os seus convenios colectivos supoñendo que o custo/hora aumentou ata os 17,00 €/hora, incremento que vai ás costas das arcas municipais porque a Xunta segue poñendo o prezo anterior, é dicir 9,60 €/hora, o que está a provocar que as administracións locais non poidan asumir este gasto e prestar todas as horas que libera o órgano autonómico. Continúa que este Concello, a parte dos 880.000,00 € que se consignou no Orzamento, fixo algunha modificación orzamentaria para liberar en torno de 40.000,00 € co fin de atender solicitudes en lista de espera, pero a nosa capacidade está moi axustada, sendo necesario que a Xunta de Galicia faga unha actualización, porque chegará un momento en que as administracións locais non podamos atender ante o aumento de solicitudes. A pesares do anterior, di que se están a buscar os recursos necesarios para que no orzamento do ano 2022 se poida ampliar a partida, tendo estimado que para dar cobertura a todas as solicitudes presentadas serían precisos en torno a 1.300.000,00 €, dos que o Concello tería que facer fronte a, máis o menos, 700.000,00 €, algo que, a día de hoxe, non é asumible nin é competencia deste Concello, polo que se seguirá reclamando aos organismos



competentes.

O **Sr. López Bueno** pide que o desdobre da traída de Tabeirós se faga e que o grupo de goberno non lle minta aos veciños e que os reciba.

En relación ao Servizo de Axuda no Fogar, di que non se lle respondeu á pregunta que había formulado, é dicir, se se vai a facer algo con respecto ás persoas a quen se lles teñen recoñecidas unhas horas e, que sen embargo, non están a recibir dito servizo. Lembra que no mes de febreiro o seu grupo presentou unha moción para requirir á Xunta que suba o prezo da hora que está a trasladar aos Concellos, porque recoñece que está a cargar no organismo local todo o peso económico do SAF. Ante o difícil que está a ser prestar este servizo a todos os solicitantes, require ao grupo de goberno para que inste ao órgano autonómico (por ser do mesmo partido - PP) co fin de que suban a remuneración e que destinen o crédito extraordinario que recibiron do Estado para atender esta demanda.

O **Sr. Alcalde** quiere aclarar que a cita do luns era co Concelleiro Juan e, por un problema de saúde, tivo que cancelala; por outra banda, observa que o grupo socialista intenta embarrar esa obra para poder deixar mal ao grupo de goberno, pero insiste que esa obra se fará o antes posible e que os veciños están sendo perfectamente atendidos, sobre todo porque contan cun bo Alcalde de Barrio e a quen lle agradece a súa implicación e traballo. Por último quiere deixar constancia que é compromiso deste goberno executar esa obra que Tabeirós levaba tanto tempo demandando, entendendo que, dentro do xogo político, a oposición socialista intente enredar e facer política de pouca altura.

En canto ao Servizo de Axuda no Fogar, se seguirá a traballar para buscar unha solución, constándolle que hai un equipo da FEGAMP que están a traballar neste asunto.

Toma a palabra a voceira do grupo de MOVETE, **Dña. Mar Blanco Casais**, quen inicia a súa quenda, pregando a mellora da contorna do almacén municipal, sito ao carón do antigo depósito da auga e preto da rúa de Penerada, por estar en total abandono; ademais tamén hai que dar exemplo aos nosos veciños, porque se lles require a limpeza das súas fincas e, sen embargo, o Concello ten abandonadas as súas, sendo importante, tamén, retirar as farolas que están alí amontoadas.

Tamén, na mesma rúa de Penerada hai unha sinal de STOP que está totalmente tapada por un poste de alumado, dificultando a súa visibilidade, polo que prega que se solucione este problema, ademais, de retirar ou recolocar unhas cables eléctricos que están enganchados a última casa antes do cruce e que están case tocando o chan; así mesmo pide que se acabe de desbrozar dita rúa.

Informa que hai xente que vai a buscar cousas ao Punto Limpo e que despois van seleccionando e desechando cousas que quedan tiradas no camiño, polo que pide que se intensifique por alí a limpeza. Por outra banda, este camiño é utilizado por moita xente, sobre todo por maiores, para pasear, considerando importante que sexan colocados bancos para que poidan sentarse.

Di que sería necesario comunicarlle ao camiión que vai a recoller o lixo ao Punto Limpo para que teña coidado ao saír e coller a curva de que non lle caian cousas, porque agora todo iso está acumulado na cuneta diante do Matadoiro, dando unha mala imaxe.

En relación co tema dos coches abandonados, informa que hai unha furgoneta aparcada máis de dous anos na Rúa Manuel de la Calle e que cada vez está en peor estado, polo que pide que se tramite a súa retirada. Tamén di que hai outro coche abandonado nas inmediacións da Sala Lenon e outro (que ardeu recentemente) na Avda de Marín, polo que prega que se axilicen os procedementos administrativos para proceder ás súas retiradas.

Pide que a pista que vai ao serradoiro de pedra e almacén de bacallau se arranxe ante o mal estado que se atopa, sobre todo un tramo que está totalmente intransitable.



Traslada as denuncias duns veciños do lugar se Bouzamar da parroquia de San Xurxo de Veá, polo mal estado das pistas.

Pregunta sobre como esta a sinal de televisión nos lugares de Abragán, Torreboreda e Arca, porque aínda está sen solución.

Traslada o rogo dos veciños de A Portela - Parada para que sexa retirada un vertedoiro incontrolado sito na estrada vella que vai ao lugar de A Portela.

En relación cos dous novos parques eólicos, un deles de ámbito estatal e outro autonómico, considera necesario engadilos ao listado que se lles facilitou no seu día, ademais de preguntar por esa convocatoria de Xunta de Portavoces que estaba prevista para tratar o tema dos parques eólicos.

Á anterior intervención, o **Sr. Alcalde** di que toma nota dos rogos sobre a zona de Penedra e do Punto Limpo, trasladándollos ao persoal responsable para que poñan remedio a estas cuestións.

En canto aos vehículos abandonados, estamos ante unha cuestión moi complexa, estando o persoal do departamento de Medio Ambiente traballando nun informe detallado sobre cal é a situación actual en relación cos vehículos abandonados en todo o noso termo municipal, estimando a existencia de 80; pero atopámonos co problema de que o Convenio coa Deputación só abarca a retirada do vehículo e a normativa é bastante estrita, en primeiro lugar hai que poñerse en contacto con tráfico para obter os datos dese vehículo, despois poñerse en conta cos propietarios para requiririlles a súa retirada, pero algúns destes coches son obxecto de embargos bancarios, sobre outros pesan ordes xudiciais, outros pertencen a empresas que xa non existen, etc., o que complica enormemente a xestión obrigándonos a unha tramitación que parece que nunca ten fin, de feito levamos 2 anos tramitando a retirada dunha furgoneta e non somos capaces de finalizar o procedemento. Pero quere deixar constancia de que se está a traballar arduamente polo departamento de Medio Ambiente.

En canto aos camiños di que a día de hoxe están en licitación tres proxectos, un de 600.000 € e outros de 325.000 € e 230.000 €, o primeiro listo para someter á Mesa de Contratación aos efectos de adxudicación e os outros dous están expostos para a presentación de ofertas, a partires de aí, empezaranse no mes de setembro e principios do mes de outubro a facer os asfaltados e arranxos de diversos camiños do noso rural. Di que tamén se está pendente de recibir o informe favorable de Fomento para lanzar a licitación de un millón de euros para asfaltados no rural. Á vista do dito, di que son tres millóns de euros o que se destinan para este fin.

No que respecta á sinal TDT, por dúas ocasións estiveron os técnicos de ANTEGA valorando a recolocación da antena e o seu informe sinala dúas cuestións importantes, que a ubicación actual é de máxima cobertura existindo un problema co arborado que interrompe a sinal e a posibilidade de buscar unha solución alternativa de ampliación da rede de cobertura, pero atopámonos co problema de construír unha torre de 30 metros de altura (cun investimento de 25.000 euros) e que non garante que de aquí a catro anos a masa forestal siga impedindo a sinal. Informa que estivo a falar coa Secretaria Xeral da Consellería dependente da Presidencia da Xunta de Galicia para seguir intentando manter a negociación co propietario das árbores forestais que impiden a chegada da sinal e, de non chegar a acordo, haberá que buscarlle unha solución alternativa.

No que se refire aos parques eólicos, informa que se está a manter reunións cada quince días coa Directora Xeral de Industria, Enerxía e Minas para mantermos informados de todos os proxectos que están en tramitación ou da entrada de novos, e a día de hoxe son nove os que se están a tramitar, sendo o máis avanzado o do Campo das Rosas e que consta de moitas alegacións/reclamacións polo seu impacto ambiental, trasladándonos a Consellería noticias esperanzadoras pola existencia dunha Orde que recolle que todos aqueles proxectos que non estean aprobados antes do mes de xuño do 2022 caducarán as autorizacións de evacuación de enerxía e o que provoca un efecto dominó, e así moitas das



empresas non están en condicións de poder levar adiante os seus proxectos; e, con respecto a aqueles que están avanzados no procedemento e que chegarán a poder materializar os seus parques eólicos, estarase atento para que cumpran coa normativa medioambiental e atendan as alegacións que se están a presentar. Di que intentará obter máis información e, á volta do mes de agosto, intentaremos ter una reunión para tratar este asunto á vista da dita información.

A **Sra. Mar Blanco** agradece a oferta do Sr. Alcalde, por ser importante ter ese tipo de información e que a corporación teña unha voz unánime de rexeitamento a estes proxectos de parques eólicos ante o impacto brutal medioambiental para a nosa contorna. Pide que esa Xunta de Portavoces non sexa só para trasladarnos esa información, senón tamén para facer chegar ás administración dese rexeitamento unánime, sen esquecer da importancia de informar á veciñanza.

O **Sr. Alcalde** quere aclarar que a palabra non é “rexeitamento”, debendo ser sensatos e coherentes, porque todos queremos ter servizo eléctrico na casa e para iso temos ter que infraestruturas eléctricas, sobre todo cando queremos eliminar a pisada de carbono, se queremos ir na Axenda 20-30, acceder aos pactos europeos, pechar as centrais térmicas e nucleares, etc., haberá que optar por estes medios para acadar enerxía renovable.

Di que os parques eólicos xeran un impacto medioambiental, sendo unha mágoa que soframos dito impacto sen ningún tipo de recompensa e aí hai que buscar un acordo, xunto cunha reorganización e unha maior protección á nosa fauna, flora e patrimonio, pero non podemos rexeitar este tipo de proxectos por ser necesario ir de cara á procura de enerxía verde e renovable. Polo que deberíamos ir con cautela.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, trasladando o problema que está a causar un veciño que, a pesares de non ter o monte abandonado négase a facer unha poda e que pon en perigo a propiedade colindante doutro veciño, polo que lle comunicará a lexislación aplicable en materia forestal para que tome as medidas oportunas.

Traslada as queixas de varios veciños e veciñas ante a publicidade repartida pola Estrada Dixital e que oferta tarifas moi por debaixo das compañías tradicionais, pero aquelas persoas que xa teñen o servizo da Estrada Dixital e solicitan a oferta publicitada atópanse coa resposta de que non se pode porque no lugar de residencia non teñen fibra Movistar, algo que non pon nos folletos repartidos, considerándose como publicidade enganosa. Polo dito, considera que os cartos investidos nesta publicidade é diñeiro tirado, ademais de que algún veciño pensou en poñer unha denuncia. Ante o anterior, prega que se proceda a explicar exactamente en que consisten esas ofertas e quen pode ser beneficiario, especificando os requisitos para para optar a esas tarifas.

O **Sr. Alcalde** contesta que se llo trasladará aos responsables da Estrada Dixital.

Continúa a **Sra. Camba Castro** trasladando un rogo dun particular para que se arranxe un muro de ladrillo existente na rúa Antón Losada Diéguez, cruce coa rúa do Cruceiro, ante o perigo de derrube e que pode causar danos aos nenos e nenas que esperan alí o autobús escolar.

O **Sr. Alcalde** di que é coñecedor dese problema, trátase dun muro de peche dunha vivenda particular, muro que linda co antigo camiño da Congostra; considera que non é un perigo para os nenos, xa que estes esperan o bus na parada existente no edificio que fai esquina coa rúa do Cruceiro; de todos os xeitos, por existir un grave perigo para os viandantes, requirirase ao propietario para que proceda ao seu arranxo.





A **Sra. Camba Castro** di que varias persoas non foron capaces de utilizar os aseos intelixentes sitos nos xardíns municipais debido aos sucios que están ao non existir o autolavado, polo que prega que sexan limpados ou se arranxen, ou ben que se proceda ás súas clausuras.

Contesta o **Sr. Alcalde** para dicir que estes baños están programados para facer a auto limpeza e desinfección do habitáculo despois de cada uso e non do inodoro, polo que o persoal de limpeza do Concello ten a orde de, polo menos, unha vez ao día proceder á limpeza e desinfección do mesmo, o que non se pode é ter unha persoa todo o tempo alí, tal como está o Concello a nivel de persoal. De todos o xeitos, intentárase levar un seguimento e mellorar nesta cuestión.

A **Sra. Camba Castro** lembra que nunha sesión plenaria preguntouse sobre se se tiña pensado facer algo coa Torre de Guimarei ao abeiro do disposto na lexislación sobre patrimonio en vigor, respondendo o Sr. Alcalde que no mes de xullo ía a vir o propietario e que se lle trasladaría esta cuestión, polo que agora pregunta se se tivo esa reunión.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que efectivamente mantívose unha reunión no pasado mes de xullo cos propietarios, onde se lles trasladou a preocupación dos veciños pola existencia de masa forestal extensa no linde coa Avda da Torre, polo que sería necesario proceder ao seu desbroce, constándolle que se procederá a esa limpeza de xeito inmediato; en canto ao terreo destinado a uso agrícola, di que está cedido a un gandeiro local; e, en canto á parte estrutural, comprometéronse e encargar un informe a un arquitecto para ver o estado tanto da Torre como do Pazo e, unha vez emitido, remitirnos unha copia do mesmo, asumindo as indicacións que o informe aconselle en relación ao mantemento e conservación destes bens.

Pregunta a **Sra. Camba Castro** se lle deu un prazo para elo e se se lle falou de posta a disposición para visitas.

Responde o **Sr. Alcalde** lle contesta que non falaron destes temas, tan só dos problemas de mantemento e conservación da Torre e do Pazo.

A **Sra. Camba Castro** pregunta, en relación coas obras de Mercadona e construción da urbanización ao seu redor con vivenda pública, se foi realizado previamente algún informe ou estudo sobre a viabilidade, tanto de aforro medio ambiental como económico, entre a rehabilitación de vivendas xa existentes e a construción de novas edificacións; porque os informes que se están ditando pola Unión Europea, Goberno Central e Xunta de Galicia están primando a rehabilitación sobre a nova construción baseándose en criterios económicos, medio ambientas e dinamización de centros urbanos; e o pregunta porque temos un casco urbano onde hai moitas casas que se podería utilizar mediante a súa rehabilitación e, sen embargo, estase primando a nova construción. En caso de que non existan ditos informes tamén pregunta o por que non se emitiron e si existen pide unha copia dos mesmos.

O **Sr. Alcalde** lle responde que a urbanización da Avda de Pontevedra vai a moi bo ritmo cunha previsión de remate para finais do mes de novembro. Di que non se debe de confundir o desenvolvemento dese ámbito urbanístico de case 40.000 m2 con dúas cualificacións urbanísticas de solo industrial e solo residencial, neste último caso con vivenda individual e vivenda colectiva e cun carácter privativo e tamén cun 10% da edificabilidade pública, polo que permite ao Concello ser propietario de dúas parcelas, unha dotacional e outra para vivenda colectiva, e que non significa que esa infraestrutura pública se vaia a construír, senón que se



tratan tan só de parcelas. En canto ao que está a facer o Concello, di que se está a poñer en contacto co Instituto da Vivenda e o Solo para incentivar aos nosos veciños que se inscriban no rexistro de demandantes de vivenda e así se poida facer polo organismo competente (lembrando que o Concello non ten competencia en materia de vivenda) unha cuantificación do volume de demanda de vivenda pública e, a partir de aí, valoraranse as alternativas existentes na Estrada e que, a día de hoxe, so está dispoñible a parcela que deriva desta urbanización da Avda de Pontevedra. Di, ademais, que é máis fácil a construción dunha edificación para varias vivendas que a rehabilitación individual de edificacións existentes para a creación de vivendas unifamiliares. Di que estamos a debater un tema que non pode sustentar en ningún informe previo, sendo necesario, en primeiro lugar, recabar información sobre a situación actual de demanda de vivenda pública.

Continúa coa súa intervención a **Sra. Camba Castro** preguntando se non se ten a seguridade que se vaian a facer esas edificacións nun futuro, porque polo publicado en prensa dábase a entender que era algo que xa se tiña preparado.

O **Sr. Alcalde** considera que a voceira Camba ten unha confusión, polo que estaría ben que revisara a hemeroteca, porque non foi así, xa que primeiro hai que obter a parcela, e seguir os requisitos que sinalou na súa anterior intervención, polo que pide que non se xere expectativas ante algo que aínda non existe.

A **Sra. Camba Castro** interrompe para aclarar que o seu grupo nunca dixo que se ía a sacar nada bo desta infraestrutura e, en canto á posible construción de vivendas públicas, non dí que se vaian a facer tan só formula unha pregunta ante as manifestacións continuas do grupo de goberno sobre que se ían a facer.

O **Sr. Alcalde** lle di que o procedemento explicado anteriormente é o que se vai a seguir, non existindo dúbida algunha de que para este grupo de goberno é un obxectivo prioritario a creación de vivendas públicas, pero antes é necesaria a existencia de demanda, de aí que anime aos veciños para que se inscriban no rexistro de demanda de vivenda pública e, a tales efectos, lanzarase unha campaña para fomentar esta inscrición.

Non habendo máis intervencións polos/as Concelleiros/as asistentes a esta sesión, o **Sr. Alcalde** pregunta, en cumprimento co disposto no Regulamento de Participación Cidadá, se algunha persoa entre o público asistente quere formular algunha cuestión ao Pleno; non habendo, procede a levantar a sesión sendo as vinte e dúas horas e trinta minutos do día do seu comezo.

*Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.*

*De todo o anterior faise cumprimento.*





## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 46PMZM7WFR3X4GZ42TRL6YEHW | Corrección: <https://aestrada.sectelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 11

---

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233